

Theano de Crotona

(Crotona, S. VI-V a.N.E.)



Foi primeiro alumna e logo mestra na Escola Pitagórica e dirixiuna á morte de Pitágoras.

Está recoñecida como a primeira muller matemática. É considerada precursora da investigación científica.

Grazas a ela divulgáronse os coñecementos da Escola Pitagórica. Ocupouse de difundir os coñecementos matemáticos e filosóficos da Escola Pitagórica en Grecia e Exipto.

Foi a primeira persoa en dar a coñecer a existencia do Número Áureo.

Escribiu tratados sobre Matemáticas, Física, Medicina, Astronomía e Filosofía.

Entre os seus escritos destacan: *Teorema da razón áurea*, *Cosmoloxía*, *Vida de Pitágoras*, *Teoría dos números*, *Sobre a piedade*, *Construción do universo*.